

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 22 de setembro de 2011 pola que se modifican as datas de xustificación de varios programas de axudas a grupos de investigación do Sistema Universitario de Galicia convocados en 2008, 2009, 2010 e 2011.

Mediante a Orde do 3 de xuño de 2010 (DOG do 18 de xuño) modificáronse os prazos de xustificación das axudas do Programa de Consolidación de Unidades de Investigación das convocatorias de 2008 e 2009, que nos artigos 2 e 3 quedan establecidos no 31 de outubro.

Mediante a Orde do 26 de maio de 2010 (DOG do 1 de xuño) convocáronse as axudas do Programa de Consolidación de Unidades de Investigación para o exercicio 2010. No artigo 8 establécese como data límite para a xustificación destas axudas o 15 de novembro.

Mediante a Orde do 29 de marzo de 2011 (DOG do 25 de abril) convocáronse as axudas do Programa de Consolidación de Unidades de Investigación para o exercicio 2011. No artigo 8 establécese como data límite para a xustificación destas axudas o 15 de outubro.

Mediante a Orde do 17 de agosto de 2011 (DOG do 25 de agosto) modifícanse diversas ordes de bases e convocatoria do Programa de Promoción Xeral de Investigación e dos programas sectoriais de investigación aplicada do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) correspondentes aos anos 2008, 2009 e 2010, de xeito que se establece nos artigos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 o 31 de outubro como data límite de xustificación.

O Decreto 89/2011, do 31 de marzo, que modifica o Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG do 24 de maio) establece que as competencias en materia de investigación universitaria serán asumidas pola Secretaría Xeral de Universidades. A partir do 25 de maio de 2011, o programa orzamentario 561B (Investigación Universitaria) pasou a ser xestionado pola Secretaría Xeral de Universidades.

Este proceso de transferencias implica un período de adaptación para os beneficiarios das axudas, que deben axustarse aos novos mecanismos de xustificación, así como aos límites establecidos para o peche do exercicio. Por iso, atendendo a estas circunstancias extraordinarias, é necesario ampliar o prazo de xustificación só para o exercicio de 2011.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1. Modificación dos artigos 2 e 3 da Orde do 3 de xuño de 2010 (DOG do 18 de xuño) pola que se modifican os prazos de xustificación das axudas do Programa de Consolidación de Unidades de Investigación das convocatorias de 2008 e 2009, de xeito que a data límite para presentación da xustificación de gasto e pagamento da anualidade de 2011 é o 5 de decembro de 2011.

Artigo 2. Modificación do artigo 8 da Orde do 26 de maio de 2010 (DOG do 1 de xuño) pola que se convocan as axudas do Programa de Consolidación de Unidades de Investigación para o exercicio 2010, de xeito que a data límite para presentación da xustificación de gasto e pagamento da anualidade de 2011 é o 5 de decembro de 2011.

Artigo 3. Modificación do artigo 8 da Orde do 29 de marzo de 2011 (DOG do 25 de abril) pola que se convocan as axudas do Programa de Consolidación de Unidades de Investigación para o exercicio 2011, de xeito que a data límite para a presentación da xustificación de gasto e pagamento da anualidade de 2011 é o 5 de decembro de 2011.

Artigo 4. Modificación dos artigos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da Orde do 17 de agosto de 2011 (DOG do 25 de agosto); pola que se modifican diversas ordes de bases e convocatoria do Programa de Promoción Xeral de Investigación e dos programas sectoriais de investigación aplicada do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) correspondentes aos anos 2008, 2009 e 2010, de xeito que a data límite para presentación da xustificación de gasto e pagamento da anualidade de 2011 é o 5 de decembro de 2011.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011.

José Alberto Díez de Castro
Secretario xeral de Universidades